

# Melide acollerá un curso sobre o patrimonio lúdico de Galicia

MELIDE/LA VOZ. A Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional celebrará de novo en Melide o seu curso formativo sobre o patrimonio lúdico galego que, na súa segunda edición, ten programadas dúas xornadas ateigadas de conferencias e de obradoiros para afondar no coñecemento dos xogos de carácter popular e as posibilidades didácticas que ofrecen dentro do ámbito do ensino.

Desenvolveranse os próximos días 22 e 23, polo que o colectivo organizador mantén aberto os dous prazos que se estableceron para formalizar a inscripción.

O curso, limitado á asistencia de noventa persoas, está dirixido ao profesorado de primaria e secundaria en xeral, que dis-

ponen ata mañá para tramitar a matrícula, cunha cota ordinaria de 40 euros, que se reduce a 30 para persoas en situación de desemprego e estudiantes, e a 20 euros para os socios do colectivo organizador. O custe da inscripción se formaliza no segundo prazo de matrícula, establecido a partires do día 16, é de 10 euros máis en cada unha das tarifas.

A Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional pretende, basicamente, unir esforzos para favorecer o desenvolvemento e a práctica dos xogos e deportes tradicionais e populares galegos, e para lo gralo, contempla entre as súas liñas de actuación a creación dunha rede de información e de divulgación sobre as actividades lúdicas populares.